

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE PARADELA PARA O PROXECTO DE SINALIZACIÓN VERTICAL NO CONCELLO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co concello de Paradelo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia e o concello de Paradelo para o proxecto de sinalización vertical do concello.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade pública instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades de promoción do turismo, e para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Os concellos, segundo se sinala no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, teñen competencias en materia de turismo, en concreto a “información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local”.



Terceiro.- O concello de Paradela está situada ó suroeste da provincia de Lugo, entre o val do Miño e a depresión de Sarria e pertence á comarca de Sarria. Limita ó norte co Concello do Páramo, ó sur cos de Bóveda e O Saviñao, ó este cos de Sarria e O Incio, e ó oeste cos de Taboada e Portomarín.

Paradela está á distancia de 100 quilómetros mínima obrigatoria para obter a Compostela, xa que aquí se atopa o quilómetro 100 do Camiño Francés.

O proxecto de sinalización vertical ten como obxectivo a sinalización vertical necesaria para que dita sinais satisfagan a misión para as cales foran instauradas unha vez executouse as obras.

- A instalación de sinais a instalar baséanse nos seguintes:
- Instalación de monólitos de benvida.
- Prevese a instalación de monólitos de benvida nas entradas ao Concello.
- Instalación de indicadores en chan urbano.
- Instalación de carteis frecha con indicación dos principais elementos pertencentes ao patrimonio histórico artístico e humano do Concello:

-ROTA DO RIO MIÑO-SAN FACUNDO-TRAPA- ALDOSENDE

-MIRADOIRO DE CABODEVILA

-CAPELA DA PENARREDONDA

-RUINAS DE SANTA MARIA DE LOIO-CAPELA (LOIO-CORTES). BERCE
DA ORDE DOS CABALEIROS DE SANTIAGO.

-IGREXA DE CASTRO DE SAN MARTÍN-MIRADOIRO

-CRUCEIRO DE SAN MIGUEL.

-RUTA DO LOIO

-IGREXA MOSTEIRO DE CASTRO DE REI (PARADELA)



- MONTE VENTUREIRA (MIRADOIRO)
- SANTA MARIA DE FERREIROS
- MUIÑO DO MAZO EN CASTRO DE REI (FERRERÍA)
- MUIÑO DO CABO-PARADELA
- FERVENZAS DA RUXIDOIRA EN PARADELA
- CORGO DOS FRADES (CAPELA DE LOIO DE CORTES AO RIO LOIO)

Cuarto.- Ao abeiro do disposto na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, a Xunta de Galicia e as entidades locais poderán celebrar convenios de colaboración entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia, podendo coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector, executar puntualmente obras ou servizos e adoptar as medidas oportunas para acadar calquera outra finalidade de contido análogo.

Que a través deste convenio, outórgase ao concello de Paradelas unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

